



## **Sebastián Pena e a memoria traizoeira**

**(Sebastian Pena and the betrayals of memory)**

*Carlos MÉIXOME QUINTEIRO*

*Instituto de Estudos Miñoráns*

RESUMO: Sebastián Pena López (1885-1971), nado en Tabeirós, (A Estrada), enxertouse en Parada de Miñor (Nigrán). Seminarista e emigrante nos anos mozos; mestre serodio e apaixonado; activista cultural e agrario; de profunda fe católica e compromiso republicano, foi castigado e zarandeado polos sublevados. Ademais de sufrir o triste silencio do exilio interior foi vítima da máis traizoeira das memorias. que o seu nome fose confundido co dun terríbel vitimario.

PALABRAS CLAVE: maxisterio; agrarismo. Nigrán. Partido Radical. II República

ABSTRACT: Sebastián Pena López (Tabairós, A Estrada 1885-1971) was a seminarian and emigrant in his youth, a cultural and agrarian activist, a devout Catholic and committed republican, and a passionate, late-vocation teacher. He suffered reprisals and repression at the hands of the nationalist rebels during the Spanish Civil War and subsequently fell victim to the sad internal exile of a historical falsehood based on the confusion in popular memory of his surname with that of a murderous nationalist corporal.

KEY WORDS: teachers; agrarianism; Nigrán; Radical Party; Second Republic.

Na igrexa románica de Santiago de Tabeirós, parroquia estradense que emprestou o seu topónimo para nomear as terras acoutadas polos vales dezáns e ulláns e as serras da Canda e do Candán, bautizaron, un día de 1885, a Sebastián Pena López. Andando o tempo, a vocación profesional asentarao, ollando o solpor tras das Cíes, na parroquia labrega de Parada de Miñor, no actual concello de Nigrán. Curtido en mil batallas, engulidos días, meses e anos, dende a fiestra da escola ollará, ata se xubilar, a fermosa igrexa románica de Parada, presidida por un churrusqueiro Santiago cuberto con chapeu fungo de ampla aba.

Fixo o seu niño en Vilariño de Arriba, nunha das Ramallosas, na de San Pedro, escoitando o murmurio da auga, na “casa das presas”, propiedade da que será a súa compañeira de vida Virginia Fernández Núñez con quen casou en 1920.

Ao igual que outros rapaces de familia con posíbeis como para desprenderse dos seus brazos, mandárono ao seminario. Ao de máis preto, ao compostelán. Mais o seu futuro non ía ser asotanado. Coma tantos outros colleu camiño das terras de promisión na outra beira do océano para canear un duro porvir nos traballos na construción, aos que se dedicaba a familia. Descoñecemos polo miúdo os pormenores da estadía americana na primeira década do século pasado. Só podemos intuír, a través das imaxes dos arquivos familiares, os seus empregos de ferroviario, camareiro ou músico de café.



Imaxe 1.- Sebastián Pena, primeiro pola esquerda, cun xornal na man.

Descoñecemos a causa, ou causas, do seu retorno. Xa con 29 anos, en 1914, acadou o grao de mestre elemental na Normal de Pontevedra.<sup>1</sup> Debeu exercer, de inicio, nas súas terras de nacemento, segundo se desprende dalgunha confusa nota de prensa e posibelmente confirme unha foto conservada nos arquivos familiares.<sup>2</sup>

Na quenda libre de oposicións, xuño de 1917, obtén praza co número 79. En novembro destínano á escola de Parada.<sup>3</sup> Nese mesmo ano aprobaron e obtiveron destino, tamén miñorán, Benedicto Crespo Rodríguez, Luís Pascual Villegas e Álvaro Mourelle García, cos que a vida o cruzará en moitas ocasións. Entre Parada e Vilariño o labor profesional irao levando ao compromiso coas xentes do maxisterio e coas familias dos seus alumnos.

### Os anos vinte e unha tentativa frustrada

A escola de Parada e a casa de Vilariño marcarán a súa activa vida social e cultural, ben integrada no Val de Miñor. Quizais sexa proba evidente o manuscrito conservado, aínda que incompleto, nos arquivos

<sup>1</sup> *El Diario de Pontevedra* (en adiante EDP), 30/9/1914.

<sup>2</sup> *La Correspondencia Gallega*, 9/3/1916.

<sup>3</sup> *El Correo de Galicia*, 19/1/1917; *Gaceta de Galicia*, 20/11/1917.

familiares,<sup>4</sup> que lle serviu, ao pouco de chegar, para dicir unhas palabras á rapazada. O redactor de *El Pueblo Gallego* naquel ambiente inicial e ilusorio de rexeneracionismo da ditadura de Primo de Rivera, despois de alentar o maxisterio miñorán a proseguir co seu “benemérito labor”, propuxo a celebración dunha solemne festa escolar á que concorresen todas as escolas do Val. Foi en outubro, coidamos que de 1924. O encontro estábase a preparar dende xullo e debeu de se celebrar o doce de outubro, no denominado “Día de la Raza”.<sup>5</sup> Coidamos que foi nese ano, pois no seguinte, a mesma conmemoración celebrouse na mesma vila pero só coas escolas deste municipio e un desfile de autoridades para promover o “partido”, ou o que fose, primorriverista da Unión Patriótica.

Da necesaria brevidade dunhas notas manuscritas para un discurso escolar, podemos albiscar algúns trazos do pensamento de Sebastián Pena naqueles primeiros anos vinte. Delas despréndese unha profunda fe relixiosa, con referencias ás ensinanzas do “Divino Maestro”, á “Providencia” e ao “Supremo”, e de confianza nos nenos aos que lles pide a súa achega “en pro del progreso de la humanidad”, insistindo no ideal fraterno non só relixioso, senón humano, para superar o trauma da gran guerra coa esperanza de que fose a última; por iso demándalles aos nenos que eviten rivalidades, antagonismos, tribalismos, e convidaos a ser cidadáns dunha “patria sin limites”, pois “la patria no termina en las fronteras”. O “universalismo fraternal” de Pena non se contrapón ao “reconocimiento de su mutua personalidad”, de aí que olle con esperanza ese “supremo consejo de justicia internacional”, “todavía embrionario”, a Sociedade de Nacións que promovía eliminar dos textos de historia aqueles conceptos que puidesen “despertar odios entre los pueblos”. Ademais de gabar a “encantadora tierra del Miñor” que o acolleu, demandaba a extensión dos sentimentos de fraternidade “hasta fundirlos con nuestros hermanos de las regiones más apartadas de la Tierra sin distinción de razas”. As cousas non irían por ese camiño.

En novembro de 1924 reuniuse a asemblea de mestres e mestras do partido xudicial de Vigo para elixir nova directiva da asociación profesional. Ficaría constituída baixo a presidencia de Apolinar Torres e con Sebastián Pena na vicepresidencia. Moitos daqueles directivos serán os máis activos profesionais, sindicalistas, difusores culturais e dirixentes políticos da bisbarra, tanto nos breves períodos en que a ditadura de Primo o permitiu como no, tamén breve, período republicano. Moitos serán vítimas da persecución despois de xullo de 1936. Torres, por exemplo, foi un dos primeiros fusilados en Pereiró. Tamén caerá ante o pelotón de fusilamento o secretario da asociación, Víctor Fraiz, mestre en Coia. Dunha ou outra forma serán castigados o tesoureiro Jaime Cid Fernández, mestre no Areal, ou os vogais Luís Pascual Villegas e Benedicto Crespo Rodríguez,

---

<sup>4</sup> As imaxes e documentos, de non se indicar o contrario, pertencen aos arquivos das familias Pena Fernández e Pena Sánchez. A entrevista con Luís, Blanca e Juan Antonio, netos de Sebastián e Virginia, tivo lugar o 9 de marzo de 2021 (arquivo do autor).

<sup>5</sup> *El Pueblo Gallego* (en adiante EPG), 27/5/1924 e 22/7/1924.

representantes de Nigrán e Gondomar respectivamente. Na directiva figuraban tamén o mestre de Teis, Delmiro Estévez, como vicesecretario, e como vogais: Eladio Ferreiro, por Baiona;<sup>6</sup> Federico Estévez, por Lavadores, e José M. Vázquez por Vigo. A voz das mestras achegábase María del Carmen Docampo, de Beade, e Eva Bacelar, de Mañufe.<sup>7</sup>

Un mes despois, a asemblea reuníase de novo, pero esta vez na Ramallosa. Non só se trataron asuntos do maxisterio, senón que se aprobou un amplo programa de difusión cultural, unha intensa campaña contra o analfabetismo e outra a prol da creación de escolas para emigrantes. A asemblea rematou cun xantar de “fraternal camaradería”.<sup>8</sup>

Ao ano seguinte houbo remuda parcial da directiva, mais nela continuou Sebastián Pena, agora en representación de mestres e mestras do concello de Nigrán. Naquela altura Sebastián Pena presentou a memoria para concorrer ás oposicións internas. Élle aprobada.<sup>9</sup>

Contra o remate de 1926 celebrouse na Coruña un “congreso pedagógico” coa asistencia de “normalistas” e inspectores de relevo. O congreso foi criticado dende as páxinas de *El Pueblo Gallego* e defendido dende as de *El Ideal Gallego*; da liña editorial de cada un podemos deducir as razóns. Durante o devandito congreso anunciouse a convocatoria por parte do xornal bonaerense *La Prensa* dun premio para traballos pedagóxicos. Resultaría gañador del o mestre miñorán Eladio Ferreiro. Sebastián Pena foi un dos promotores da homenaxe que con este motivo se lle ofreceu ao recoñecido pedagogo.<sup>10</sup>



**Imaxe 2.- Sebastián Pena na década dos vinte.**

<sup>6</sup> En realidade era mestre de Borreiros, no concello de Gondomar. Sobre Ferreiro, véxase Carlos Méixome Quinteiro, “Eladio Ferreiro: un mestre entre as escolas americanas de fundación e a escola pública”. *Sarmiento Revista Galego-Portuguesa de Historia da Educación* no 26 (2022): 161-187.

<sup>7</sup> *EPG*, 11/11/1924; *El Noticiero Gallego* (en adiante *ENG*), 18/11/1934.

<sup>8</sup> *EPG*, 10/12/1924.

<sup>9</sup> *EPG*, 16/12/1925 e 31/3/1925.

<sup>10</sup> *EPG*, 3/5/1927.



**Imaxe 3.- O mestre Sebastián Pena López cos seus alumnos de Parada. en 1925. Co n.º 1 sinálase a Antucho, sobriño de S. Pena; co n.º 2 a Augusto, fillo do mestre.**

No arrinque de 1928, dende as páxinas educativas do xornal de Portela Valladares, dirixidas por Apolinar Torres co apoio da asociación do maxisterio vigués e miñorán, preguntóuselles a mestres e mestras se consideraban precisa unha educación “particularmente gallega” para axudar ao “engrandecimiento” rexional e nacional; e nese caso cales serían as modalidades desta e con que medios se podería contar.<sup>11</sup> A argumentación da pregunta entendémola como expresión das dúbidas que atribulaban aqueles profesionais que procuraban unha escola activa e comprometida co medio onde se desenvolvía, fosen estes, socialmente, máis ou menos avanzados, como é o caso de Pena e Torres. O primeiro evolucionará dende un republicanismo conservador ata un agrarismo de morno galeguismo; o segundo, dende o republicanismo inicial, achegarase ao galeguismo, acudirá á fundación do Partido Galeguista, e rematará fundando xunto a Víctor Fraiz e Antonio Vidal a Asociación de Trabajadores de la Enseñanza de Vigo (ATEV) e presidindo a agrupación socialista de Vigo, así como sendo o primeiro secretario xeral da federación do ensino da UGT.

A pregunta, despois do congreso pedagóxico da Coruña, era un tenteo para ver se se consideraba acaída unha reunión “de camaradería”, “sin fobias amparadas por negros ropajes”. A quen así o considerase, pedíase que expresase a súa adhesión e estimulase que as asociacións ás que estaban adheridos a

<sup>11</sup> Antón Costa Rico, “Modernidade pedagóxica e reivindicación da Escola Nova na prensa da cidade de Vigo (1926-1929): a figura do profesor Apolinar Torres López (1894-1936), *Glaucois* no 24 (2019): 281-316 e “Construíndo o tempo novo. Modernidade pedagóxica e reivindicación da Escola Nova na prensa da cidade de Vigo (1926-1929)”, en *XX Coloquio Historia Educación. Identidades, Internacionalismo, Pacifismo y Educación (S. XIX-XX)*.(Ourense: SEDHE,2019): 253-292.

organizasen co claro obxectivo de crear unha organización do maxisterio a nivel galego. Dúas semanas despois, dende as páxinas do xornal, propúñase a celebración desta en Santiago. Os temas a debate serían: a federación de asociacións rexionais do maxisterio; que non se creasen prazas con soldos inferiores ás 4.000 pesetas anuais; a supresión, ou cando menos a descentralización, das oposicións restrinxidas; e a creación da facultade de Pedagogía. As adhesións chegaron a mancheas e o impulso do maxisterio vigués e miñorán foi crucial. Deseguido noméase unha comisión. Sebastián Pena forma parte dese comité provisional presidido por Jaime Cid Fernández, director da graduada do Areal, con José López Varela, presidente naquela altura da asociación viguesa, como secretario.<sup>12</sup>

Emporiso, dende o primeiro momento xorden voces contrarias, nomeadamente dende a revista *El maestro orensano*, e prodúcense bastos silencios entre os organizadores do congreso coruñés e abandonos de última hora, coma no caso da asociación de Lugo. Con todo, o proceso continuou. O comité interino convocou unha reunión para nomear o comité organizador. Celebrouse con ampla representación da provincia de Pontevedra e ostensíbeis ausencias. O comité definitivo ficou presidido pola mestra das escolas Da Guarda da Coruña, María Barbeito, escollida por aclamación, con Cid Fernández na vicepresidencia e López Varela e García Lombardero como secretario e tesoureiro respectivamente. Todo ficou niso. Entre uns e outros estragaron a idea. Unha asociación galega de ensinantes non será realidade ata maio de 1936, cando se constituía a Federación Galega de Trabajadores de la Enseñanza, adscrita a UGT, con Apolinar Torres na secretaría xeral<sup>13</sup>

Sebastián Pena continuou na asociación do partido xudicial de Vigo como representante dos mestres e mestras de Nigrán, tanto en 1928 como ao ano seguinte; no albor da República, presidiuna.<sup>14</sup> Naquel ano Víctor Fraiz, Apolinar Torres e Antonio Vidal Bordoy asinaron, no mes de xullo, ante o gobernador civil, o escrito co regulamento da Asociación de Trabajadores de la Enseñanza de Vigo (ATEV) que, nunha nota ao pé, recolle “Interín tanto no se reforma este Reglamento, si a ello hubiese lugar, se acordó, en reciente Junta General, ampliar a toda la provincia de Pontevedra el radio de acción...”. Na bisbarra viguesa foi a grande organización do maxisterio na xeira republicana. Nin nesta, nin na posterior, adscrita á UGT, participou o mestre de Parada.

### **Aí vén a República**

A devecida república recibíuse no Val de Miñor con “enorme alegría”, segundo o gaceteiro de *El Pueblo Gallego*. Na tarde do 15 de abril, unha manifestación encabezada pola bandeira republicana dirixíuse cara á casa do concello de Nigrán onde agardaba o alcalde, o médico Severino Alonso Gonda, e parte dos corporativos. Tras retiraren a simboloxía monárquica, pendurouse a tricolor do balcón e procedeuse á elección

<sup>12</sup> EPG, 29/2/1928 e 17/5/1928.

<sup>13</sup> EPG, 23/5/1936.

<sup>14</sup> EPG, 18/12/1929; ENG, 25/12/1928.

do comité republicano do que formaban parte Joaquín Guisande, o albanel e militante socialista Ramón Vidal Iglesias, Manuel Moreira e os mestres Álvaro Rey Alar, Luís Villegas Pascual e Sebastián Pena López. O alcalde Alonso Gonda seguirá nas súas funcións ata os primeiros días de xuño, tras repetirse as eleccións do 12 de abril.

O cambio de réxime acelerou os procesos asociativos. Unha tarefa presentábase como urxente: impedir a parálise administrativa provocada pola remuda dos directivos vinculados á monarquía e á ditadura. Para protexer o novo réxime, auxiliar os cidadáns, revisar decisións administrativas anteriores e elaborar un estatuto do funcionariado, constituíronse “xuntas civís de defensa dos poderes republicanos”, integradas por funcionarios dos distintos sectores e niveis, con carácter provisional ata que se votase “por la Cortes Constituyentes la nueva constitución republicana”. A “Junta Central” considera adherido a Sebastián Pena e encargoulle tanto acadar “el concurso de otros maestros o funcionarios del Estado” para constituír unha “Junta” no partido de Vigo, como realizar ese labor entre os funcionarios de Pontevedra, coa indicación da conveniencia de que “los elementos directores pertenezcan a los partidos republicano o socialista”, o cal debe comprobarse esixindo a presentación dos carnés partidarios con data anterior ao 15 de decembro de 1930. Seguindo estas instrucións, formouse un comité provisional de funcionarios integrado por Pena, Víctor Fraiz, o avogado Soliño Pintos, Bilbatúa de Telégrafos e Muñoz de Correos.

Un dos momentos de tensión previos á proclamación da República produciuse en Moaña. Na tarde do día seguinte das eleccións, 13 de abril, crebafolgas encirrados polo alcalde e algúns armadores acurrallaron o mestre Corbacho Costas; na lea, os antirrepublicanos mataron a golpes a Cándida Lago Veiga, unha moza mariñeira, nai de dous fillos. O 17 de maio, Sebastián Pena subía ao vapor cara á vila do Morrazo para participar na multitudinaria protesta polo asasinato e en apoio aos mestres desta vila.<sup>15</sup> A manifestación converteuse nun referendo popular do novo réxime e no tiro de saída da campaña para as eleccións convocadas para o 28 de xuño. Así o dá a entender a abondosa presenza de líderes republicanos e socialistas. Entre outros, alí estaban o crego Basilio Álvarez e os avogados Emiliano Iglesias e Ramón Salgado. Os tres do Partido Republicano Radical (PRR), que comandaba Lerroux, e contará co apoio inicial de Sebastián Pena, non só como inscrito senón como activista. Poucos días despois, no escenario dos grandes mitins miñoráns do período republicano, no Largo das Angustias, en Nigrán, tomará a palabra nun mitin deste partido.<sup>16</sup>

### **Parada, o consello municipal de primeiro ensino e as Misións Pedagóxicas**

---

<sup>15</sup> José Corbacho Costas, Enrique Vidal de Bustamante, Antonio Taboada Tabanera e Aquilino Vázquez Novás. *EPG*, 15/4/1931, 18/4/1931, 17/5/1931 e 19/5/1931.

<sup>16</sup> *EPG*, 24/5/1931.

Eran tempos de palabra, de diálogo, de reclamar, de acadar dereitos... Os veciños de Parada, co apoio dos de San Pedro, en número superior a cincocentos, manifestáronse enrabiados polo que consideraban un desprezo: adiar a construción do camiño entre San Pedro e Parada. En perfecta orde achegáronse ata a casa do concello. Alí, o seu mestre, Sebastián Pena, demandoulles serenidade de ánimo e corrección para reclamaren o que era de xustiza. O concello non podía postergar a construción do camiño por estar xa realizado o depósito para o seu estudo, coa agravante de carecer a parroquia de estrada. A petición parroquial foille presentada ao pleno municipal, quen reconsiderou a súa decisión e dispuxo 6.000 pesetas para que puidesen comezar as obras. Tras a sesión, o mestre Pena informou a veciñanza e agradeceu ás xentes de San Pedro a axuda.<sup>17</sup>

Camiñaban estas reivindicacións da man do agrarismo que rexurdía cos tempos republicanos e do que, como veremos, Sebastián Pena será un dos principais activos e non só como delegado da “agraria” de Parada.

O primeiro ano republicano rematará cunha boa noticia para o mestre: por fin as oposicións restrinxidas que aprobara había anos serán efectivas e o soldo aumentado a 4.000 pesetas.<sup>18</sup>

Nada parecía alleo á actividade do de Tabeirós. No segundo ano republicano comparece, como presidente do consello local de primeiro ensino, ante o pleno municipal para dar conta dos acordos deste órgano. En primeiro lugar, que o Concello adquirise os terreos e esixise ao ministerio a construción do grupo escolar de Camos, a partir das 10.991,55 pesetas achegadas pola sociedade desta parroquia en América; en segundo lugar, que afronte o inaprazábel traslado da escola de nenas de San Pedro, instalada nunha antiga corte de mulas e advertindo que, de non facerse, a inspección procederá á súa clausura. O pleno non debeu prestar moita atención. Segundo as apostilas do gaceteiro, o mestre Pena, un tanto alporizado, manifestou que o grupo escolar de Camos non se construíra polo desleixo dos concelleiros da parroquia e que o consello que presidía non se responsabilizaba da negligencia municipal ante as nulas condicións sanitarias da escola.<sup>19</sup>

O consello non se limitaba só ás reivindicacións, tamén se esforzaba en organizar as Misións Pedagóxicas. Estas inauguráronse na escola de nenos de Nigrán, con asistencia de tanta xente que moita tivo que seguir o acto dende fóra do recinto escolar. Sebastián Pena explicou o obxecto da “misión”, o plan trazado e citou os mestres colaboradores.<sup>20</sup> A seguir, o mestre Vázquez Grela desenvolveu unha lección práctica e teórica sobre xerminación das sementes. Tras as palabras do deputado radical, mestre e inspector de educación, José López

---

<sup>17</sup> EPG, 11/1/1932.

<sup>18</sup> EPG, 13/12/1931.

<sup>19</sup> EPG, 28/4/1932.

<sup>20</sup> EPG, 11/5/1932.



Varela, o propio Pena púxolle o ramo á xornada cunha disertación sobre a semente e o cultivo do millo dobre híbrido, segundo os procedementos recomendados pola Misión Biolóxica; a charla espertou tanto interese que foron moitas as persoas que se achegaron para preguntarlle xeitos de poñer en practica as súas explicacións.

Sempre en domingo, continuaron as Misións nas distintas parroquias. Leccións prácticas de economía labrega, coidados da vide, semente do millo, infeccións humanas, enfermidades porcinas... eran os asuntos divulgados. Entre os relatores, ademais do mestre Pena disertando sobre diversas cuestións culturais, estaban os mestres Moure Trelles, Vázquez Grela, despois asasinado, Álvaro Mourelle, membro da primeira xestora municipal dos sublevados, ou o médico, ex-alcalde, perseguido con dureza polo franquismo, Severino Alonso Gonda e o veterinario Julio Roade, máis adiante xefe da Falanxe da Ramallosa. Moi concorrida foi a charla de Chandebrito, en que falou sobre o cultivo da vide o mestre de Camos, García López, despois feroz xefe parroquial da Falanxe, e, naquela altura, mestra na mesma parroquia que Pena, Felicitas Brasa, que deu unha “Breve visión histórica de la cultura femenina”.<sup>21</sup>

Os días previos ao 14 de xullo de 1932 foron xornadas ben atarefadas para o consello local. Como remate do curso organizaron unha gran festa. Nenos e nenas cos seus mestres e mestras comezaron a chegar, contra as tres da tarde, ao cruzamento entre as estradas de Panxón e Nigrán. Dende alí, uns 800 cativos dirixíronse ao Largo das Angustias. Encabezaban a marcha Sebastián Pena, o inspector Darío Caramés e o alcalde Manuel Alonso. No campo da festa desfilaron as bandeiras de cada escola e a rapazada, a coro, entoou o himno galego, “escuchado con honda emoción por el público”; para continuar con “vistosos ejercicios gimnásticos de conjunto” e a interpretación de “diversos cantos regionales y alalás” que mereceron as gabanzas dos numerosos pais e nais presentes. Despois viñeron os discursos. Sebastián Pena presentou os oradores. O alcalde comprometeu a colaboración do concello; o inspector demandou axuda para as actividades “circunescolares” e gabou a vocación dos profesionais; o mestre Vázquez Grela prometeu, en nome do maxisterio, “hacerse dignos de su elevada función”. Pechou o acto Pena salientando a entrega profesional e a importancia das “misións” e acabou agradecéndolles ás persoas e entidades a súa colaboración na merenda con que se agasallaron a nenos e pais. Tras se retirar a cativada, houbo baile ata o anoitecer.

### **Sebastián Pena e o Partido Radical**

O emilianismo, en referencia ao avogado ponteareán residente en Barcelona e intimo colaborador de Lerroux, Emiliano Iglesias, tiña, nos momentos iniciais da Segunda República, unha forte presenza na provincia

---

<sup>21</sup> EPG, 3/6/1932 e 17/6/1932.

de Pontevedra. Sobre ela, Iglesias exercerá un férreo control persoal. Tamén no Miñor, onde os radicais teñen a alcaldía de Gondomar e unha importante presenza nos outros dous concellos.

Tras a inauguración da “misión pedagóxica”, á que nos temos referido, algúns dos presentes desprazáronse a Baiona para participar nun mitin. Os oradores foron presentados polo mestre de Borreiros, presidente do comité radical de Gondomar e ex-director da escola “Pro-Valle Miñor”, Eladio Ferreiro; fixeron uso da palabra os deputados López Varela e Ramón Salgado. Ao remate do mitin celebrouse un xantar “con nutridas representaciones del comité provincial, del de Vigo y de los de Gondomar y Bayona” no que se pronunciaron discursos, entre outros, do alcalde e do mestre de Gondomar, Pablo Nieto Virostra e Enrique Rodríguez Márquez, respectivamente, así como de Sebastián Pena. Despois, os deputados trasladáronse á Ramallosa, onde participaron noutro mitin.<sup>22</sup>

En 1933 a Sebastián Pena concédennlle o traslado a Vigo.<sup>23</sup> O novo destino cambiará as rutinas vitais; solicitará licenza para dar clases particulares e garantirlle así un mellor acceso á educación á extensa prole, cinco mulleres e un rapaz, así que o activismo, no eido educativo e político, irá mingando, mais, pola contra, Pena intensificará a súa participación na “sociedad” de Parada e no movemento agrarista.

Aínda que siga a participar das actividades do Partido Radical, como acudir á celebración en Gondomar do éxito lerruxista en novembro de 1933, a deriva deste, a alianza coa CEDA, os casos de corrupción e o personalismo de Emiliano Iglesias, irano afastando, como a moitos outros, dos “radicais”. Uns virarán cara a posicións de extrema dereita. Outros, como é o caso de Pena, vanse atopar moi cómodos na Federación Provincial Agraria (FPA) que, na práctica, rematará sendo un partido agrario cun discurso próximo ao galeguismo, con Antón Alonso Ríos como o seu máis coñecido representante, xunto ao seu presidente Ramón Alonso. Os acontecementos de outubro de 1934, coas folgas xerais e a dura represión profundarán neste afastamento. O seu irmán José María, próspero industrial estradense e militante socialista, será detido e encarcerado, ao igual que lles pasará a moitos mestres que precisarán axuda económica para as familias; nesa solidariedade tamén estará Sebastián Pena.

### **Sebastián Pena e o agrarismo**

En febreiro de 1932 reuniuse en Lavadores o congreso provincial agrario ao que acudiron algunhas, poucas, sociedades miñorás, entre elas a de Parada e Priegue. Para presidir o multitudinario congreso, os delegados elixiran o veterano agrarista de Lavadores Ramón Alonso Martínez, a quen acompañarán na mesa os

---

<sup>22</sup> EPG, 10/5/1932.

<sup>23</sup> ENG, 4/6/1933.

delegados das sociedades de Teis, Vigo e Parada, representada esta por Sebastián Pena. Aos poucos meses, o 12 xuño dese ano, nacerá a Federación Provincial Agraria (FPA).<sup>24</sup>



**Imaxe 4.- Sebastián Pena nos tempos do activismo agrario.**

A federación de Nigrán, integrada polas sociedades de Panxón, Priegue, Camos, Parada, Ramallosa e Nigrán, “con mas de 800 afiliados”, e a do Val de Miñor, que acollía os agrarios de Borreiros, Donas, Mañufe, Vilaza, Vincios, Cháin, Peitieiros e Couso, iranse achegando, con tento, á FPA. O 25 de febreiro de 1934, ambas as federacións incorporáranse, con decisión, na asemblea de Vilagarcía.

A agraria de Parada asume a normativa que obrigaba a renovar anualmente as directivas. O que en aparencia supuña unha complexa actividade resultáballe ben doado por contar “con la organización más potente que nunca”, segundo *El Pueblo Gallego*, que a cualifica de “pujante entidad” da que forman parte uns 200 asociados e conta un seguro mutuo de gando para 152 reses valoradas en 58.250 pesetas e cun capital social acumulado de 1.000 pesetas. A directiva de Parada, formalmente renovada pero en gran medida continuísta, estará presidida por Maximino Misa Puga, con José Veiro Guisande como vicepresidente. Aínda que, como sabemos, Pena xa non exercese en Parada, nunca deixará de estar vinculado á sociedade formando parte, como presidente da sección cultural, da súa directiva, nin tampouco de a representar tanto na federación municipal como na provincial ou nos congresos agrarios.

A inauguración do local do sindicato agrícola e gandeiro de Panxón en febreiro de 1935 foi unha nova oportunidade para amosar a fortaleza do agrarismo conxurado derredor da FPA. Naquela xornada reuníronse,

---

<sup>24</sup> *El Tea* (en adiante *ET*), 23/6/1932; *EPG*, 1/3/1932.

baixo os auspicios de Lisardo Sanromán, presidente dos agrarios de Panxón, e mais de Manuel Gallego, presidente da federación de Nigrán, Ramón Alonso Martínez, presidente da FPA, os delegados da do Val de Miñor, representantes das agrarias de Salvaterra, Mondariz, Arbo, das federacións de Ponteareas, Vigo (cunha delegación especial da de Alcabre), Lavadores, Mos e Tomiño, do sindicato de Ribadelouro, en Tui, e de moitas outras, así como case todos os afiliados á federación de Nigrán e numeroso público procedente de Vigo, Lavadores e do Val de Miñor.

Dende unha “modesta tribuna” presidida por Lisardo Sanromán, Manuel Gallego presentou os oradores e gabou a FPA que vai “encauzando” a organización agraria. En primeiro lugar, falou “con dicción esmerada” o mestre de Donas, Pepe Cribeiro, en representación da federación do Val de Miñor, cun discurso “pletórico de sinceridade y de enseñanzas”. Seguiulle Sebastián Pena, “entusiasta propulsor de la industria del agro gallego”; máis que un discurso, di o xornal, pronunciou “una conferencia interesantísima” sobre os problemas que atanguen á economía campesiña e cualificou o local inaugurado como “un nuevo lar para los gallegos del Valle Miñor”. Pena afirmou que a redención do campesiñado ten que ser obra exclusivamente súa, dedicoulle grandes gabanzas á Misión Biolóxica de Pontevedra e ao enxeñeiro que a dirixe, e convidou os asociados a acudir a aquel centro cultural e agrícola para perfeccionar os seus coñecementos.<sup>25</sup> Rematou aludindo á cuestión foral que segue a estigmatizar os labregos afirmando que non pode “perdurar esta ignominia”; o discurso “recibió el premio de una prolongada ovación”.

Puxo o ramo Ramón Alonso Martínez gabando os mestres Cribeiro e Pena pola súa colaboración, que debe ser sinalada, “ya que suelen ser poco comunes”, e referiuse ao cooperativismo e aos problemas do campo galego en termos moi próximos aos do Partido Galeguista.

Segundo relato de memoria familiar, a pesar das diferenzas ideolóxicas, Cribeiro, militante comunista, e Pena, católico practicante, foron dende os tempos do agrarismo sempre amigos, e a súa amizade prolongouse no tempo e trasladouse, ao igual que no caso de Veiro Guisande, tamén esquerdista de ideas e ademais veciño, ás respectivas familias ata a actualidade. Tanto a Cribeiro como a Veiro abríronlles causa militar; a ambos foilles sobresida. Ao primeiro por ter unha moi boa coartada e “perderse” alistándose na Lexión; ao segundo, por entregarse tras botar tres anos agochado nunha cova.<sup>26</sup>

<sup>25</sup> A Misión Biolóxica de Galicia creouse en 1921 en Santiago. En 1927 trasladouse á parroquia de Salcedo, en Pontevedra, onde segue na actualidade. O seu grande impulsor, ao que se refería Pena, foi o agrónomo e veterinario Cruz Gallástegui Unamuno (1891-1960).

<sup>26</sup> A causa contra Cribeiro é a 805/1936 e a de Veiro a 225/1937, ambas no AIMNOR de Ferrol. Sobre Cribeiro, cfr. Carlos Méixome, *Catas na memoria. A persecución franquista no Val de Miñor* (Santiago: Laiovento, 2021), 53-77.

A asemblea do Porriño, celebrada en marzo de 1935 “con inusitada animación”, significou a consolidación da FPA. Sebastián Pena encabezou, xunto ao presidente Maximino Misa, a delegación de Parada e foi un dos relatores do congreso. A intensa participación miñorá correspondíase coa súa ampla representación; en todos os relatorios hai delegados das sociedades do Val e a presidencia do congreso recaeu en José Cribeiro, o mestre de Donas.<sup>27</sup>

Tras a asemblea porriñesa houbo remuda na federación de Nigrán. Maximino Misa, que presidira a agraria de Parada, pasa a exercer o mesmo cargo na federación municipal á fronte dunha directiva en que figura Sebastián Pena como contador-tesoureiro e delegado na dirección da FPA. Esta encargáralle formar parte dunha reducida comisión responsábel da vixilancia da execución dos acordos asemblearios e, en especial, da implantación do cooperativismo, tal e como se acordara no congreso de Vilagarcía.<sup>28</sup>

As funcións directivas na FPA e a previsíbel convocatoria electoral levarán a Pena a participar en actos públicos, compartindo estrado co futuro deputado Alonso Ríos, co presidente Ramón Alonso e con xente máis nova. Pena, tras transmitir os saúdos fraternais dos agrarios de Nigrán, insistía na instalación de bibliotecas en todos os sindicatos para que a mocidade accedese á cultura, mais tamén en facer chamadas aos mestres para que se impliquen na causa agraria “que es lo más sano y lo mas laudable que tiene Galicia”. Nos seus discursos gaba o labor cooperativista da FPA, non só polo sacrificio dos seus directivos e o seu camiñar democrático, senón pola claridade con que se tratan asuntos ben complexos, sempre con documentos que están ao dispor de cada un dos “dieciséis mil asociados que componen la familia agraria”.<sup>29</sup>

O apremante escenario político obrigou a convocar un congreso extraordinario en novembro de 1935. Nel, o presidente da FPA, Ramón Alonso Martínez, fixo valer o seu enorme prestixio para concretar o apoio á ampla alianza republicana, de esquerda e galeguista, denominada Fronte Popular. Nesta decisiva asemblea xuntáronse 300 delegados en representación de 12.400 asociados. O éxito electoral e a obtención dun escano nas Cortes, o de Alonso Ríos, empurrou e animou aínda máis as xentes da FPA.

O 22 de marzo de 1936 tivo lugar o congreso ordinario, organizado pola federación do Val de Miñor, no salón “Oliva” de Gondomar. Na memoria de xestión faise un repaso do agrarismo provincial e destácase o miñorán.

En Gondomar, las organizaciones de todo el término están adheridas a la federación local y están en la provincial. Tienen singular pujanza y una organización modelo (...) En Nigrán, hay un modelo de funcionamiento societario.

---

<sup>27</sup> EPG, 13/3/1935 e 13/3/1935; ET, 24/3/1935.

<sup>28</sup> ET, 24/2/1935; EPG, 22/5/1935; ET, 14/4/1935.

<sup>29</sup> ET, 24/8/1935, 14/10/1935 e 24/9/1935.

Son los sindicatos y federación local de más pujanza de la provincia, no en vano está allí hoy, un estado mayor de hombres luchadores y desinteresados que se desvelan por el agrarismo.<sup>30</sup>

Engalanado con bandeiras e estandartes das sociedades miñorás, “bordados y de lujosa confección”, recibiu o salón “Oliva” os delegados. Segundo o xornal agrarista *El Tea*, retiraran a acreditación 500 delegados. De novo os do Miñor participan con intensidade, non só ocupándose da organización senón que entre os relatores figuran o gondomarés Rogelio Lorenzo e Sebastián Pena, mentres que Maximino Misa Puga, de Parada, “con tacto impecable”, desempeñou a presidencia do congreso. A capacidade organizadora da federación agraria do Val Miñor e do “estado mayor” de Nigrán ficaban demostradas.<sup>31</sup>

### **Pena divulgador e activista cultural**

Xa salientamos o seu labor cultural no sindicato de Parada e nas Misións Pedagóxicas. Aínda que as “misións” foron esmorecendo, non aconteceu o mesmo co activismo cultural e divulgador da “agraria de Parada”. Con motivo do traslado da mestra Felicitas Brasa Calvo, organizouse unha festa-homenaxe. O salón social ficou cativo para acoller tanto público, entre o que se atopaban representantes das sociedades agrarias do Val. Sebastián Pena, nun “discurso emocionante”, puxo de relevo o talento da homenaxeada e os servizos prestados á parroquia e achegou ademais unha “sucinta exposición de ideas sobre la organización agraria”. Pechou o acto o presidente da agraria tras entregarlle á “eximia” mestra un pergameo, no medio dunha “prolongada ovación”, no que era nomeada socia honoraria. Logo, di o culto gaceteiro, “la concurrencia se dedicó a hacer honor a Tersípcore hasta altas horas de la madrugada”. Por setembro dese ano, inaugurouse a biblioteca da sociedade. Con tal motivo recibíuse a bandeira e a insignia do sindicato doadas pola ex-mestra.<sup>32</sup>

Poucos días despois, co gallo do 12 de outubro, ante unha ampla representación de agrarios e mestres, en presenza dos alcaldes de Gondomar e Nigrán que foran depostos polo goberno radical-cedista, desenvolveuse un acto cultural que comezou coa interpretación dos “himnos nacional y gallego”. Tras a benvinda do presidente Misa, unhas 50 rapazas renderon unha “cariñosa” homenaxe á mestra. De seguido, Sebastián Pena nun “brillante discurso fija de modo claro y preciso el significado del hecho y sus extraordinarias consecuencias para la nación española, del acontecimiento histórico ocurrido en el día de la fecha de 1492”. A mestra Brasa disertou sobre cultura popular e agricultura e referiuse tanto á doazón da bandeira, “de forma y material magníficos”, di

<sup>30</sup> *ET*, 14/3/1936.

<sup>31</sup> *EPG*, 25/3/1936; *ET*, 4/4/1936.

<sup>32</sup> *EPG*, 10/1/1935 e 31/8/1935.

o xornal, en que se reproducían alegorías da agricultura, a arte e a ciencia, como á entrega dun prezado lote de libros para a biblioteca.<sup>33</sup>

Sebastián Pena soubo imprimirle un dinamismo cultural constante ao sindicato de Parada para o cal contou tamén coa colaboración dos novos mestres da parroquia. Non tardou en principiariar un ciclo de conferencias “con asistencia de numeroso público de ambos sexos”, inaugurado polo propio mestre, que disertou sobre “Escritores antiguos y modernos, valor educativo del libro. Vida y obra de Miguel de Cervantes” que “como siempre dejó grata impresión entre sus convecinos que tanto le aprecian y estiman. Su obra cultural intensificada con la inauguración de la biblioteca popular, es hoy un foco luminoso que irradia cultura y educación”.<sup>34</sup>

Cando chegue o trebón tamén o mestre de Priegue, Pierres Castellanos, será castigado. Entre as acusacións deitadas contra del figura a doazón duns libros á biblioteca de Parada. Segundo o cabo da garda civil de Baiona, o mestre de Priegue agasallara a “agraria” cuns libros comunistas entre os que figuraban *La crisis del matrimonio* e *A dónde va la República*. No seu descargo, Pierres alega que fixera unha doazón de cinco pesetas, pero descoñece cales foron os libros que se mercaron con eses cartos.<sup>35</sup>

### **E chegou o trebón**

O mundo estourou en mil anacos. Os amores alumiñados, os ideais acariñados durante décadas, os denodados esforzos, os razoares compartidos; todo ficou esnaquizado nuns cantos días.

Primeiro, a dor irreparábel pola morte da pequena Sarita Esther Pena Fernández tras unha “imprevista” e “penosa” enfermidade. Foi contra os últimos de xuño, anunciando os tempos de pavor.<sup>36</sup> Apenas un mes despois da morte da nena, atordados aínda, tratando de sobreporse á desgraza, Sebastián e Virginia saberán da enxurrada de violencia desatada, da chegada das tropas ao Miñor e da detención do irmán de Sabastián, José María, en Pontevedra. Ficaba o refuxio do fogar, mais este tampouco ía ser seguro: “O efecto máis devastador da rebelión militar que desencadeou a guerra foi, precisamente, a aniquilación do ‘fogar’ como espazo seguro”, escribiu a historiadora británica Helen Graham.<sup>37</sup>

Cando os sublevados constataron que o golpe fracasara, puxeron en marcha o seu plan “B”, unha guerra prolongada, programada para o exterminio e, nos territorios que dominaron, unha brutal “limpeza da retagarda”,

---

<sup>33</sup> EPG, 18/10/1935.

<sup>34</sup> EPG, 20/11/1935.

<sup>35</sup> Sobre Pierres pode consultarse Milleiro Sánchez e Moreira Docampo, *Memorias de sal e terra. O ensino no concello de Marín (1867-1940)* (Pontevedra: Deputación, 2017), 250-253.

<sup>36</sup> EPG, 1/7/1936.

<sup>37</sup> Helen Graham, *Breve historia de la guerra civil* (Barcelona: Austral, Espasa Calpe, 2006), 189.

executada no Val de Miñor, baixo o mando do capitán Blanco, ata finais de agosto, e despois baixo as ordes desa especie de encarnación do mal que foi o cabo-comandante de posto da garda civil de Baiona, Manuel González Pena; contaron para iso coa axuda das diversas milicias da extrema dereita que se írían agrupando na Falange, comandada na Ramallosa, primeiro, por Gerardo González “Fandiño”, e despois polo veterinario Julio Roade.<sup>38</sup>

O que lle aconteceu á familia miñorá de Sebastián Pena naqueles primeiros días, no inicio da “limpeza”, podémolo reconstruír a través de memorias cruzadas e secundarias dos seus netos e mais das súas tías-avoadas, pois “todo o daquela época na familia non se falaba” e “houbo cousas moi dolorosas que estiveron moi caladas, tamén por medo”. Era o saber en silencio, o cisma devastador entre o público e o privado, a ocultación das nais para protexer física e psicolóxicamente os fillos, como ten anotado a historiadora británica á que nos levamos referido.

Sebastián Pena foi dos que non se agochou. O curso rematara e estaba na casa de Vilariño, apesarados aínda pola morte da cativa, agoniados polo incerto destino de José María. Nada fixera, nada debía temer; sería o seu razoar, como o de moitos outros. Xa vivira un golpe de estado, xa coñecía a situación, pensaría. Equivocábase, non fixo caso do sinal que lle enviaban coa detención do seu irmán. O mundo xa non era o mesmo. É certo que, meses antes do golpe de Primo de Rivera, Mussolini xa marchara sobre Roma, pero neses 15 anos houbera unha crise do capitalismo de dimensións imprevistas, nas clases acomodadas prendera o medo a unha revolución social e o fascismo afixérase a manterse pola forza; había tres que Hitler era chanceler alemán e os xeitos autoritarios estendíanse por Polonia, Iugoslavia, Hungría, Bulgaria, Romanía, Grecia e os estados do Báltico; noutros, ameazaban co asalto ao poder. A guerra de España só é comprensíbel como un fenómeno intrinsecamente europeo.

Nunha tarde agostada de domingo, mentres Sebastián botaba a sesta e Virginia xa tiña preparados os cativos para ir ao catecismo, estáballe a facer as trenzas a Mariluz, entraron na “casa das presas” un falanxista e un garda civil. Un deles, por unha fiestra baixa do patio dianteiro; ambos coas pistolas na man. Preguntaron por Sebastián e ordenáronlle a Virginia que se afastase que “tambien tenemos un par de tiros para usted señora!”. Remexeron todo, baleiraron caixóns, levantaron colchóns, desamañaron roupas, moveron móbeis, furgaron polos recantos... Virginia lembrouse da vella pistola enferruxada dun tío falecido; con disimulo agochouna entre as roupas dunha tía nonaxenaria e senil, ou quizais no bolso onde gardaba os cachifallos. Ao mellor fixérono entre as dúas. Salvaríanlle a vida a Sebastián.

---

<sup>38</sup> Carlos Méixome, *O terror nas Tebras e outras catas na memoria* (Santiago: Laiovento, 2022), 199-280.



O falanxista ficou sentado nunha cadeira da sala de estar, ollando para un gran cadro do Sagrado Corazón e o retrato dun cura, irmán de Virginia, residente en Bos Aires. O rexistro continuou, o garda centrouse nos libros que tiñan o selo da escola de Parada ou das Misións Pedagóxicas; segundo unha versión oral, allea á familia, serían estes algúns dos que “salvou” Sebastián dunha queima preventiva de “materiais comprometidos” que se fixera na “sociedá”; entre os queimados estarían aqueles doados, segundo o cabo Pena, polo mestre de Priegue, Pierres Castellanos. Na rebusca atopou algúns números de *El socialista*, que pertencían ao sobriño de Sebastián, Antucho. A presenza do mozo en Vilariño era unha constante, xa dende cativo, o que explica que na fotografía do 3 de novembro de 1925 que reproducimos máis arriba, en que o mestre aparece coa súa rapazada de Parada, estea tamén Antucho á beira de Augusto, o fillo maior de Sebastián. Era coma se fosen irmáns, segundo o relato familiar. A nai de Antucho levaba anos ingresada no psiquiátrico de Conxo.

Rematado o rexistro, díxéronlle a Sebastián que os acompañase. Tiña no colo unha das fillas á que seica lle quedou un tic nervioso de por vida. Deixaran a camioneta ao final do “camiño das presas”, pois pola corre道ira non daba entrada. Nela había varios homes detidos. Mandárono subir. Cando xa estaba arriba un garda díxolle: “Pero don Sebastián que hace usted aquí?, dejen marchar a este hombre que es una buena persona!”. A partir de aquí as versións difiren. Uns coidan lembrar que o rexistro, xunto co falanxista, o fixo o cabo Pena e quen o deixou marchar foi o Paniagua, Saturnino Paniagua Arenillas, garda civil do posto de Baiona ás ordes de Pena. Outras memorias coidan lembrar que foi o propio Pena quen o mandou baixar do automóbil, dicíndolle aos gardas e falanxistas “este no, que es un hombre bueno”. A xerarquía parece indicar que sería deste segundo xeito. Deixárono vivo. O posíbel paseo ficou en “paseillo”, pero o medo tristurou para sempre o mestre de Parada.

Antucho, o sobriño, logrou zafar. Como costume de verán estaba a pasar uns días en Vilariño. Aquela tarde saíra. Cando regresaba, unhas mulleres advertírono de que os gardas estaban na casa do seu tío. O rapaz decatouse deseguida do perigo. Agochouse. Pola noite, con Sebastián xa na casa, recolleu as cousas e desapareceu. Tempo despois souberon que se alistara na Lexión. Logrou salvar o pelexo.

### **A depuración**

Sebastián tivo a fortuna de cara aquela tarde de domingo, cando Virginia, habelenciosa, foi quen de agochar a vella pistola e, nun lapso de magnanimidade, exercido dende a inmoralidade de quen pode decidir sobre a vida dos demais, aquel garda civil permitiulle seguir vivindo.

Mais non ía ficar sen punición. O seu nome figurou na primeira listaxe de mestres e mestras suspendidos publicada, antes que no *Boletín Oficial de Provincia de Pontevedra*, no *Diario de Pontevedra*.<sup>39</sup> A sanción

---

<sup>39</sup> EDP, 31/8/1936. No Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e en EPG o 1/9/1936.

imponse por resolución do gobernador civil, que actúa como delegado do reitor da universidade compostelá, e con base nos informes da garda civil e da inspección educativa.

O contexto en que se publica a resolución, na primeira do xornal pontevedrés, non pode ser máis teatral e ameazante. En alta e nun corpo grande: “Una fiesta de alto patriotismo”; nun corpo aínda maior: “La resurrección de la bandera de España”; nun enmarcado o “Himno a la bandera”. Á beira a listaxe precedida dun preámbulo que, no seu primeiro paragrafo, di:

Al producirse el actual movimiento del Ejército, secundado felizmente por la nación, ha podido observarse que las actividades políticas y sociales de buen número de Maestros, su falta de respecto a la moral cristiana y el comportamiento profesional de los mismos en la escuela han sido factores que contribuyeron con humilde eficacia a fomentar el estado caótico y anárquico del país, grave mal que va poniendo (*sic*) ese movimiento salvador que ha de acentuarse en todos los organismos nacionales y de modo especial en la Escuelas de primera enseñanza.

Como dixemos, Sebastián Pena exercía na graduada do barrio vigués de Casablanca. Non será o único sancionado deste centro. Tamén figuran na listaxe moitos dos organizadores do maxisterio que citamos. Quen non figuraba nela era o mestre de Nigrán, Vázquez Grela; no comezo do curso irano buscar á escola, sacarano diante dos nenos, levarano uns cincocentos metros máis adiante e matarano preto do Largo das Angustias, onde se celebraban os mitins e a festas escolares.<sup>40</sup>

Foron anos para esquecer. Tempos de dor e penurias. A morte da filla, o golpe de estado, sen traballo, sen ingresos, agoniado polo triste final de José María, enleado en recursos e na vergoñenta demanda de certificados, ás veces escatimados, de boa conduta. Os deste primeiro prego de descargos non os coñecemos, pero sabemos, por memoria oral familiar, que foi regateado o papeliño salvador polo padre Luís do Patrocinio dos frades portugueses de Vilariño, a onde Pena acudía con constante fe. Tamén debían doer, e moito, os ruxerruxes propagados polos novos xerifaltes, entre outros, que o home católico e practicante de sempre fora un dos que quixeran acantazar o convento. Intentábase sobrevivir co que se sacaba do predio, de criar animais pequenos, das axudas que chegaban de Bos Aires, do irmán crego de Virginia.

### **O caso de José María Pena López**

Dos fillos de José Pena e María Juana López, ambos de Tabeirós, dos que falamos neste traballo, José María, era o maior. Nacera en 1879. De rapazolo foi voluntario a Cuba. De regreso casou con Flora Constenla Costa e tivo dous fillos, Antucho e Maruja. Era un próspero empresario (taller de repostos de automóbil, fábrica de gasosas, concesionario de Campsa...).

<sup>40</sup> Méixome, *Catas na memoria*, 34-52.

No inicio do período republicano afiliouse ao Partido Radical Socialista de Marcelino Domínguez e despois ao PSOE. Nos meses de tensións que seguiron ás eleccións de febreiro de 1936 presidiu a Fronte Popular da Estrada e tivo serios enfrontamentos cos falanxistas comandados por Manuel Castro Pena, xefe provincial da Falanxe, en especial cando estes tentaron interromper a manifestación do 1.º de maio.



**Imaxe 5.- José María Peña López, irmán de Sebastián. Fusilado en Pontevedra en 1937. (Arquivo X.C. Garrido).**

Ao producirse o golpe de Estado, na compañía do alcalde da Estrada, desprazouse á capital provincial. Alí foi detido xa o 20 de xullo. Imputado na causa 225/1937 por rebelión militar, será condenado a morte.<sup>41</sup>

Ás 5:45h do 5 de xuño de 1937 trasladárono, xunto aos seus compañeiros de infortunio Cándido Tafalla Froiz e Manuel Nogueira González, dende o cuartel da garda cívica, onde pasaran as horas de agarda en capela, ata o quilómetro 1 da chamada avenida de Bos Aires, no dique de monte Porreiro, onde os fusilaron. José María faleceu dos tres impactos no lado dereito do peito. Esa mesma tarde foi soterrado no panteón familiar da Estrada.

Contra José María verteron veneno os acusadores, dende que era un “distinguido marxista y peligroso” ata que “vivía maritalmente” coa criada María Freire que era quen rexentaba a casa.

A pesar das relacións familiares, da boa posición económica, de Antucho alistarse na Lexión e ata do intento da irmá deste de lograr o indulto de Franco, non houbo clemencia. Segundo o profesor e investigador X. C. Garrido, que é quen nos fornece de esta información:

---

<sup>41</sup> AIMNOR. Agradecemos ao profesor X. C. Garrido a información referida a José María Peña e a posta á nosa disposición do seu arquivo particular. Tamén se pode consultar o seu traballo "Xosé M.ª Pena, Presidente de Fronte Popular, empresario fusilado por marxista" na web Tabeirós-Montes, <https://www.tabeirosmontes.com/joseacute-mariacutea-pena.html>. Consultado 25/6/2024.

Eu teño a impresión, no caso que analicei da familia de cregos de Adolfo Constenla, que este capelán tenente-coronel, e os seus sobriños influíron decisivamente nalgunhas causas para que se ditaminasen penas máximas. Mesmo atreveríame a conxecturar que mesmo a prol da morte do seu cuñado José María Pena, presidente da Fronte Popular da Estrada.

Despois veu a confiscación dos bens por mor da denominada “responsabilidad civil”. Tampouco Sebastián zafou deste método de extorsión, pois ao menos sabemos que en novembro de 1937 o multaron con 100 pesetas por incumprir a requisa de automóbiles, mentres tiña que rascar os petos para o aguinaldo dos combatentes, se non quería que as cousas fosen a peor.<sup>42</sup>

### **A reposición na escola e a segunda sanción**

O xefe de servizo de Primeiro Ensino acordou interromper as suspensións provisionais en aplicación da Lei do 21 de abril de 1938; en consecuencia, a comisión provincial de depuración resolveu repoñer nas escolas unha serie de mestres. Nesta listaxe figuraba Sebastián Pena como adscrito á graduada de Casablanca.<sup>43</sup>

Mais o réxime franquista tiña unha concepción permanente da guerra e constante do castigo. Nalgún momento de 1937 Franco díxolle ao embaixador de Mussolini: “Debemos realizar la tarea, necesariamente lenta, de redención y pacificación”.<sup>44</sup>

A “lenta tarefa” prolongouse ata o remate da guerra e continuou durante décadas. Ao mestre Pena non o deixaron nin acougar en silencio na escola de Casablanca. A cousa foi mal. Sabémolo polo expediente de depuración.<sup>45</sup> O propio mestre, no prego de descargo, ofrécenos un resumo da súa situación á altura de setembro de 1940. Abriuselle un expediente o 3 de agosto de 1936 por orde do gobernador civil, sancionárono coa perda de emprego e soldo o 1.º de setembro; o 7 de outubro de 1938 cancelaron a suspensión e repuxérono na escola da que era titular, polo que se deduce así, argumenta o mestre no segundo prego de descargo, que os informes presentados corrían cumpridamente os que motivaran a separación provisional demostrando que os cargos que se lle facían eran “gratuítos”, ao tempo que se comprobaba que: “la labor educativa del que suscribe había sido siempre fiel reflejo de las más puras tradiciones españolas y que su continuidad en la escuela no solo no perjudicaba sino que se estimaba de excelente mérito cristiano”.

O mestre expresa a sorpresa polo novo castigo. Por orde ministerial do 24 de abril de 1940 é sancionado co traslado forzoso dentro da provincia, o que supoñía o afastamento, como mínimo, a 30 quilómetros da escola

<sup>42</sup> EPG, 29/11/1937, EPG, 3/12/1938.

<sup>43</sup> EDP e EPG 8/9/1938.

<sup>44</sup> Citado en Enrique Moradiellos, *Historia mínima de la guerra civil española* (Madrid: Turner, 2016), 255.

<sup>45</sup> Arquivo Xeral da Administración (coñecido pola sigla en castelán AGA), Alcalá de Henares.

da que era titular.<sup>46</sup> Ao seren evidentes as irreparábeis perdas materiais, a desarticulación dun fogar, a interrupción da formación dos cinco fillos menores, di Pena que non presentaría un novo recurso se non estivese convencido de que a información que achega debe levar ao convencemento da xustiza da súa apelación cando “serenados los espíritus brilla la nota elevada de la verdad y la justicia”. Equivocábase outra vez.

Acompaña o recurso dunha serie de informes que son “no una exculpación sino un panegirico”, recollidos en Vigo e no Val. O arcipreste de Miñor e párroco de Gondomar, Carlos Fernández Vázquez, noutros casos feroz acusador, ratifícase no seu informe de 1938 en que afirmaba que o mestre exerceu o cargo con “celo profesional” e que fora un dos mellores da contorna; asistiu e tomou parte nos actos relixiosos, nomeadamente no convento dos franciscanos de Vilariño, e tras o seu traslado a Vigo, só ou coa súa esposa, acudía á igrexa de Gondomar. E que se ben impulsou un sindicato agrario, sen significación política, cando algúns quixeron “hacerlo deribar (sic)” cara á política de esquerdas, sostivo, en público, a liberdade dos asociados e tamén que, como agasallaran con libros “no sanos” unha biblioteca que promovera, defendeu o seu expurgo, aducindo que “dada la incapacidad de discernimiento del labrador solamente debía proporcionársele doctrina sana”. Colaborou co partido do señor Lerroux porque o consideraba o único xeito de coutar o avance socialista e de extrema esquerda. Se ben dende o seu traslado á escola viguesa non pode informar de pormenores, ao continuar a vivir na casa da Ramallosa, pode afirmar que non deixou de manifestarse como un bo católico.

O extenso e detallado informe do párroco gondomarés contrasta cos sucintos escritos de frei Ludovico de Pesquera, dos capuchinos de Casablanca e do crego de San Pedro da Ramallosa, asinados ambos en xuño de 1940. O primeiro di coñecer as boas condicións relixiosas e pedagóxicas do mestre polo que a súa permanencia na escola sería grata para “esta comunidade”. O crego de San Pedro afirma que, como sempre conviviu na parroquia, puido apreciar a condición de bo cristián e persoa de orde, “lo cual obliga a juzgarlo como excelente maestro cuyo labor ha de ser útil para la religión y para la patria”.

Os informes precisos para validar o prego de descargos dos expedientes de depuración estaban regulados polo decreto 66 emitido en Salamanca o 8 de novembro de 1936.<sup>47</sup> Entre eles era obrigado o dun pai de “recoñecida solvencia”; os pais dos rapaces de Casablanca asinan o pertinente escrito colectivo e sinalan que o mestre “ha cumplido siempre sus deberes profesionales con arreglo a las más puras tradiciones españolas”. O director da escola achega, “a petición do interesado”, un escrito en que afirma que na escola “se ha ceñido

---

<sup>46</sup> Recolleuse na prensa (*ENG*, 11/5/1940). O traslado forzoso dentro da provincia ía acompañado da prohibición de solicitar vacantes durante dous anos e da inhabilitación para o desempeño de cargos directivos e de confianza en institucións culturais e de ensinanza.

<sup>47</sup> Sobre a mecánica dos procesos de depuración e a tipoloxía de sancións, véxase Narciso de Gabriel, *Vermellos e laicos* (Vigo: Galaxia, 2021), 63 e seguintes.

estrictamente a lo legislado hasta hoy, observando absoluta neutralidad política y social” polo que “se vería con agrado su continuación en esta escuela”.

Ademais dos informes relixiosos e escolares, eran preceptivos os políticos. O delegado técnico do SEU da FET-JONS de Pontevedra, José Santos Reiriz, afirma, en agosto de 1940, que non observou na súa conduta política e relixiosa nada repreñsibel, máis ben considérao, polo seu alto espírito e relevante cultura, non só digno, senón recomendábel para a tarefa docente. Menos entusiasta é o xefe da Falanxe da Ramallosa, Julio Roade Niel, que se limita a afirmar que “goza de intachable conducta y es persona de orden y maestro ejemplar”. O delegado de Información do Maxisterio en Vigo, Moreno Artola, manifesta “a petición do interesado” telo en bo concepto e que lle consta que educou na fe cristiá os seus fillos e nunca soubo que realizase actividades contrarias ao movemento nacional. Sebastián acompaña tamén a copia certificada dun escrito, de outubro de 1936, do alcalde de Vigo, José Giménez García, que xa incorporara ao primeiro prego de descargo. O alcalde dos sublevados é sucinto: limitase a informar que no tempo que leva o mestre no municipio “no se presentó contra el queja ni denuncia alguna”. Pena remata o seu prego de descargos coa “súplica” de que, considerados os informes, quede sen efecto o traslado.

De pouco lle serviron tantos e tan bos informes. A súplica non foi atendida. Pola contra, enviárono moito máis alá do mínimo dos 30 quilómetros ao concello máis afastado de Vigo e do Miñor, a Pontecesures, no extremo pontevedrés do Ulla. O traslado é con carácter definitivo e advírteno de que ten dez días laborais, a partir do 4 de novembro de 1940, para tomar posesión.<sup>48</sup>

Era a prolongación do castigo, a permanente punición, a “lenta tarefa”, á que se refería o “Generalísimo”, para que non se lles esquecese quen vencera, que a derrota ficase gravada no ámbito particular, extirpándoos dos seus lugares, privándoos de relacións sociais e imposibilitando a vida familiar. Na listaxe en que figura Sebastián Pena hai moitas mestras castigadas con esta evidente premeditación do desarraigamento ou para forzalas ao abandono do maxisterio.

### **O regreso a Parada**

Os ascensos na escala significaban pequenas axudas a unha economía familiar que xiraba arredor dun hipotético traslado ao cabo dos dous anos. En 1941 pasa a gañar 6.000 pesetas anuais, ao ano seguinte chega a percibir 7.200 e en 1945, 9.600.<sup>49</sup> Terá que agardar seis anos para regresar á escola de Parada e refacer un chisco a vida que o trebón deixara abaneando.<sup>50</sup> Unha vida de silencio imposto, de exilio interior, ausente de

<sup>48</sup> EPG, 6/11/1940.

<sup>49</sup> EPG, 30/10/1941; ENG, 18/6/1942; ECG, 7/3/1945.

<sup>50</sup> ECG, 23/7/1946.

calquera intervención social, reclusión no exercicio profesional e na vida familiar. Mais alá de referencias burocráticas non volveremos ter noticia relevante na prensa de Sebastián Pena ata 1953; o motivo, unha nova homenaxe a Eladio Ferreiro Otero por mor da súa xubilación.<sup>51</sup>

Non tardaría en xubilarse el tamén, cumpridas as sete décadas, en outubro de 1955.<sup>52</sup> A un home activo non lle resultaba doado un acougo excesivo; cando menos no verán ocupaba o tempo na xestión do balneario baionés da Concheira, do que era propietario. Da “casa das presas” foran voando cara aos seus niños parte das crianzas, pero aínda ficaban Ginita, Esther e Virginia, ata que un 16 de maio de 1971 chegou o momento da viaxe. Franco aínda seguía alí.



Imaxe 6.- Virginia e Sebastián coas fillas na “casa das presas”.

### A memoria traizoeira

En conversa con Timothy Snyder, o finado historiador británico Tony Judt argallaba un símil entre historia e memoria coma se fosen dúas medias irmás. Esta última é fermosa, pándega, faladora e sedutora; pola contra, a outra, a historia, é unha cara de pau vellouqueira e pouco comunicativa. A pesar diso e da súa eterna disputa,

---

<sup>51</sup> EPG, 7/7/1953.

<sup>52</sup> EPG, 27/10/1955.

non poden vivir unha sen a outra.<sup>53</sup> Sendo tan distintas, pero non irreconciliábeis,<sup>54</sup> as persoas tenden, coa mellor das intencións, a confundilas e, ás veces, non son quen de distinguir entre o “deber de recordar o pasado” e o “pasado” mesmo. A “experiencia vivida”, en termos de Benjamin, sempre vai cargada de subxectividade de quen lembra “acontecementos vividos”, mesmo aínda que semellen afastados da testemuña, e pode, tras o proceso de amplificación social, converterse en “experiencia transmitida” e consolidar un relato parcial do pasado.<sup>55</sup> A leda irmá nova, coa súa facilidade para engaiolar e transmitirse, foi especialmente inxusta con Sebastián Pena López.

A coincidencia no apelido Pena entre o mestre, ao que poderíamos considerar como prototipo daqueles que chegaron a converterse en símbolo da República, e o cabo da garda civil de Baiona, Manuel González Pena, coñecido como “cabo Pena”, provocou unha confusión na transmisión da “experiencia vivida”, que ameaza con se converter en “experiencia transmitida” e, así, nunha falsidade histórica. Sen dúbida, é un erro non intencionado, resultado tanto da sona popular do mestre, orador nos grandes mitins agrarios e republicanos, ademais de activo na difusión cultural e pedagóxica, como da neboeira que rodea ao cabo Manuel González Pena, do descoñecemento do personaxe, mesmo do agochamento da súa figura. As confusións por mor das escuridades que arrodean o “cabo Pena” tenas subliñado Abad Gallego:<sup>56</sup>

É una magoa que a pesar do importante papel que xogou (...) na represión (...) non teñamos apenas datos precisos referidos ás vicisitudes vitais deste individuo. De feito, (...) nin quedou constancia clara de cal era o seu nome xa que, a pesar de que na maioría dos casos se fai referencia a el como Manuel González Pena –ou Pena González, que é como tamén quedou reflectido o seu nome nalgúns referencias– noutros casos faise indicación de que o seu nome podería ser o de Sebastián Pena.

Non hai causa militar aberta contra as xentes de Nigrán e Baiona en que non estea presente a súa sinatura ao pé de atestados de detención, de interrogatorios, de informes acusadores, de valoracións morais, de mentiras evidentes, de demanda dos máis terribes castigos... Como tampouco hai relato oral sobre a persecución na zona que nalgún momento non conteña a expresión “e entón chegou o cabo Pena” que anuncia a desfeita, o maltrato, tormento, suplicio, castigo, tortura, detención... Mais, sen dúbida, a acción que

<sup>53</sup> Tony Judt, e Timothy Snyder, *Pensar el siglo XX* (Madrid: Taurus, 2012), 266-269.

<sup>54</sup> Enzo Traverso, *El pasado, instrucciones de uso. Historia, memoria, política* (Madrid: Marcial Pons, 2007), 31.

<sup>55</sup> Sobre a cuestión véxase Walter Benjamin, *Tesis sobre la historia y otros fragmentos*. Edición e tradución de Bolívar Echevarría (México: UNAM, s/d.) s/p.

<sup>56</sup> Xoán Carlos Abad Gallego, *Cen personaxes en torno a una guerra* (Vigo: IEV, 2008), 313.



estabeleceu o símil entre “horror” e “cabo Pena” foi cando, para vingar a morte dun colega falanxista, apañou nove veciños do Miñor e matounos na coñecida dende aquela como Volta dos Nove.<sup>57</sup>



**Imaxe 7.- O cabo Manuel González Pena, sentado, comandante do posto da Garda Civil de Baiona e xefe dos represores. (Arquivo IEM)**

Que sirvan estas liñas para emendar a difusión de certa “experiencia vivida”; teño escoitado bastantes testemuñas referirse ao cabo Pena co nome do mestre anteposto. Agardo que vailan tamén para rectificar a “experiencia transmitida”, que agardemos non pasase da fase inicial, recollida nalgúns publicacións de carácter memorialista ou mesmo literario, que reproducen ese exceso comunicativo e traizoeiro da memoria, e se evite que a inocente confusión xerada polas escuridades que arrodean o personaxe do “cabo Pena” rematen por converterse nunha falsidade histórica que, por outra banda, tanto desgusto causou entre os descendentes do mestre.

Sebastián Pena López, o mestre republicano de Parada, castigado polo sublevados, nada ten que ver co xefe dos represores no Val de Miñor, Manuel González Pena.

---

<sup>57</sup> Xosé Lois Vilar Pedreira e Carlos Méixome, “A Volta dos Nove. Notas para unha historia da represión no Val Miñor”. *Murguía. Revista Galega de Historia* 7-8 (2005), 155-168.

**Referencia bibliográficas:**

- Abad Gallego, Xoán Carlos. *Cen personaxes en torno a una guerra*. Vigo, IEV, 2008.
- Benjamin, Walter. *Tesis sobre la historia y otros fragmentos*. México, UNAM, s/d.
- Costa Rico, Antón. “Construíndo o tempo novo. Modernidade pedagóxica e reivindicación da Escola Nova na prensa da cidade de Vigo (1926-1929)”. En *XX Coloquio Historia Educación. Identidades, Internacionalismo, Pacifismo y Educación (S. XIX-XX)*. Ourense: SEDHE, 2019.
- Costa Rico, Antón: “Modernidade pedagóxica e reivindicación da Escola Nova na prensa da cidade de Vigo (1926-1929): a figura do profesor Apolinar Torres López (1894-1936)”. *Glaucofis* 24, (2019)
- De Gabriel, Narciso. *Vermellos e laicos*. Vigo, Galaxia, 2021.
- Graham, Helen. *Breve historia de la guerra civil*. Barcelona, Austral, 2006.
- Judt, Tony e Timothy Snyder. *Pensar el siglo XX*. Madrid, Taurus, 2012.
- Méixome Quinteiro, Carlos. “Eladio Ferreiro: un mestre entre as escolas americanas de fundación e a escola pública”. *Sarmiento, Revista Galego-Portuguesa de Historia da Educación* 26, 2022.
- Méixome, Carlos. *Catas na memoria. A persecución franquista no Val de Miñor*. Santiago. Laiovento, 2021.
- Méixome, Carlos. *O terror nas Tebras e outras catas na memoria*. Santiago, Laiovento, 2022.
- Milleiro Sánchez, Celso Xavier e Xosé Manuel Moreira Docampo. *Memorias de sal e terra. O ensino no concello de Marín (1867-1940)*. Pontevedra, Deputación, 2017.
- Moradiellos, Enrique. *Historia mínima de la guerra civil española*. Madrid, Turner, 2016.
- Traverso, Enzo. *El pasado, instrucciones de uso. Historia, memoria, política*. Madrid, Marcial Pons, 2007.
- Vilar Pedreira, Xosé Lois e Carlos Méixome. “A Volta dos Nove. Notas para unha historia da represión no Val Miñor”. *Murguía. Revista Galega de Historia* 7-8 2005, 155-168